

A intanxibilidade do dereito ás vacacións.
A propósito da Sentenza do Tribunal
de Xustiza da Unión Europea do
21 de xuño de 2012 (asunto C-78/11)

*The inviolability of the right to holiday: a case study of a
judgment of the Court of Justice of the European Union on
June 21st, 2012 (C-78/11)*



LARA M. MUNÍN SÁNCHEZ

Xuíza substituta, doutora en Dereito e profesora de Dereito do Traballo da Universidade da Coruña

Resumo

Comentario da recente Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 21 de xuño de 2012, que vén estender o dereito a gozar das vacacións perdidas cando xorde unha incapacidade temporal unha vez iniciadas estas e non só cando se produce antes de comezalas.

Palabras chave: vacacións, incapacidade temporal, intanxibilidade, dereito ás vacacións.

Abstract

A comment is made on a recent judgment of the Court of Justice of the European Union, issued on June 21st, 2012, which aims to extend the right to enjoy the missed holidays when the temporary disability arises once initiated these and not only when it occurs before them.

Keywords: *holiday, temporary disability, inviolability, right to holidays.*

1. A Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 21 de xuño de 2012, ditada no asunto C-78/11¹, é a resposta a unha cuestión prexudicial exposta polo noso Tribunal Supremo a raíz dun recurso de casación ordinaria derivado dun conflito colectivo, formulada nos seguintes termos: «O art. 7.1, apartado 1, da Directiva 2003/88... oponse a unha interpretación da normativa nacional que non permita interromper o período vacacional para o goce, nun momento posterior, do período completo –ou que reste– se a incidencia dun proceso de incapacidade temporal acontecese de forma sobrevida durante o período do seu goce?»².

Antes de comezar a súa análise e reflexionar sobre que significa este pronunciamento, é preciso expor o marco fáctico en que se ditou, aínda que xa se pode adiantar que a resposta á cuestión prexudicial formulada foi que ese artigo «é oposto a disposicións nacionais que establezan que un traballador que se atope en situación de incapacidade laboral sobrevida durante o período de vacacións anuais retribuídas non ten dereito a gozar posteriormente das vacacións anuais coincidentes co período de incapacidade laboral»³. En definitiva, implantouse a intanxibilidade do dereito ás vacacións, aínda que para a súa correcta valoración habería que relacionar esta sentenza con outra do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 22 de novembro de 2011, asunto KHS, C-214/10, onde se estimaba a posibilidade de establecer límites temporais ao aproveitamento futuro das vacacións cando se permanece nunha situación de incapacidade temporal durante moito tempo (concretamente recollíase un límite de quince meses).

Resumindo o relato dos feitos que levaron a este pronunciamento⁴, podería precisarse o seguinte:

a) A Federación de Asociacións Sindicais (FAGSA); a Federación de Traballadores Independentes de Comercio (FETICO); a Federación Estatal de Traballadores de Comercio, Hostalaría, Turismo e Xogo da Unión Xeral de Traballadores e a Federación de Comercio, Hostalaría e Turismo de Comisións Obreiras expuxeron un proce-

¹ O texto completo desta sentenza pode localizarse por medio do sitio web co enderezo <http://curia.europa.eu/jcms/jcms/j_6>.

² Apartado 14.

³ Fallo da sentenza.

⁴ Apartados 10 a 14.

demento de conflito colectivo mediante demandas separadas, presentadas ante a Audiencia Nacional e que foron acumuladas, para que se declarase que os traballadores suxeitos ao Convenio colectivo de grandes almacéns para o período 2009/2012⁵ podían gozar das súas vacacións anuais retribuídas aínda cando estas coincidisen con períodos de baixa por incapacidade temporal.

b) A Asociación Nacional de Grandes Empresas de Distribución (ANGED), pola contra, opúxose ás devanditas demandas ao considerar que os traballadores que se atopan en situación de incapacidade laboral temporal antes do inicio dun período de vacacións inicialmente fixado, ou durante ese período, non teñen dereito a gozar das súas vacacións nun momento posterior ao termo da incapacidade temporal, agás de se tratar das situacións expresamente recollidas no mencionado convenio colectivo, é dicir, os supostos previstos no artigo 48, apartado 4, do Estatuto dos traballadores.

c) O 23 de novembro de 2009 a Audiencia Nacional estimou integramente as demandas das partes demandantes.

d) A ANGED interpuxo daquela ante o Tribunal Supremo un recurso de casación ordinaria contra a devandita sentenza.

e) O Tribunal Supremo cita a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), mais na medida en que o recurso de casación se refire ao caso en que a incapacidade laboral sobrevén unha vez iniciado o período de vacacións anuais retribuídas, e non cando aínda non se comezou ese goce, considera necesario suspender o procedemento e formular a cuestión prexudicial que dá lugar á sentenza que estamos a comentar.

2. A resposta non lle ofrece dúbidas ao TXUE, posto que partindo da letra do artigo 7, apartado 1, da Directiva 2003/88, a conclusión é a conservación do dereito ás vacacións, calquera que for o momento en que se iniciou o período de incapacidade temporal, sempre que provocase unha imposibilidade no exercicio dos traballadores do seu dereito efectivo ao devandito descanso. Tres son os argumentos empregados para fundar a decisión, aos cales se engade un cuarto:

⁵ Publicado no BOE n.º 240, do 5 de outubro de 2009, pode accederse ao texto por medio do enderezo web <<http://www.boe.es/boe/dias/2009/10/05/pdfs/BOE-A-2009-15824.pdf>>.

- 1) O primeiro⁶ é que, segundo reiterada xurisprudencia⁷, o dereito dos traballadores a gozaren de vacacións anuais retribuídas debe considerarse un principio do dereito social da Unión Europea de especial importancia, a respecto do cal non poden establecerse excepcións e cuxa aplicación por parte das autoridades nacionais competentes unicamente pode efectuarse respectando os límites establecidos de forma expresa pola Directiva 1993/104/CE, do 23 de novembro de 1993, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, que foi codificada pola Directiva 2003/88.
- 2) O segundo⁸ ten a ver con que o dereito ás vacacións anuais retribuídas non só ten unha importancia especial pola súa condición de principio do dereito social da Unión Europea, mais tamén por se atopar expresamente recoñecido no artigo 31, apartado 2, da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea, á cal o artigo 6 do Tratado da Unión Europea, apartado 1, recoñece o mesmo valor xurídico que aos tratados⁹.
- 3) Finalmente¹⁰ emprégase un principio xeral do dereito comunitario, dado que o dereito ás vacacións anuais retribuídas non pode ser interpretado de maneira restritiva¹¹.
- 4) A este tres argumentos engádese outro que é realmente o decisivo: o teleolóxico¹². Resulta pacífico –di o Tribunal– que a finalidade do dereito ás vacacións anuais retribuídas consiste en permitir que os traballadores descansen e dispoñan dun período de lecer e esparexemento; e, desde logo, esa finalidade difire da correspondente ao dereito a causar baixa por enfermidade, porque o obxectivo do tempo correspondente a unha incapacidade temporal ten que ver cun dereito recoñecido aos traballadores co fin de que poidan recuperarase dunha enfermidade¹³.

⁶ Apartado 15.

⁷ Véxase a citada Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 22 de novembro de 2011, asunto KHS, C-214/10, apartado 23, e a xurisprudencia nela citada.

⁸ Apartado 16.

⁹ Véxanse as sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 22 de novembro de 2011, asunto KHS, C-214/10, apartado 37; e do 3 de maio de 2012, asunto Neidel, C-337/10, apartado 40.

¹⁰ Apartado 18.

¹¹ Véxase a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 22 de abril de 2010, asunto Zentralbetriebsrat der Landeskrankenhäuser Tirols, C-486/08, apartado 29.

¹² Apartados 19 a 23.

¹³ Véxase a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 10 de setembro de 2009, asunto Vicente Pereda, C-277/08, apartado 21.

Estes dous dereitos responden a realidades distintas e xa se declarou, en particular, que da finalidade do dereito ás vacacións anuais retribuídas se desprende que calquera traballador/a que se atope de baixa por enfermidade durante un período de vacacións anuais fixado con anterioridade ten dereito, por pedimento seu e co obxecto de poder gozar efectivamente das súas vacacións anuais, a tomalas nunha data distinta á da baixa por enfermidade¹⁴.

En definitiva, para a xurisprudencia comunitaria relativa aos traballadores que se atopan en situación de incapacidade laboral antes do inicio do período de vacacións anuais retribuídas, resulta que carece de pertinencia o momento en que sobrevén tal incapacidade: antes da fixación das vacacións, antes do seu goce, cando xa están establecidas ou durante o período atribuído; por conseguinte, os traballadores teñen dereito a gozaren das súas vacacións anuais retribuídas coincidentes cun período de baixa por enfermidade nun período posterior, con independencia do momento en que sobreviñese esa incapacidade laboral.

A causa desta conclusión reside en que «sería aleatorio e contrario á finalidade do dereito ás vacacións anuais retribuídas... conceder ese dereito ao traballador unicamente a condición de que xa se atope en situación de incapacidade laboral cando se inicie o período de vacacións anuais retribuídas¹⁵». Ademais, o novo período de vacacións anuais –que se corresponde coa duración do solapamento entre o período de vacacións anuais inicialmente fixado e a baixa por enfermidade–, de que o traballador pode gozar unha vez dado de alta médica, pode fixarse, de ser o caso, fóra do período de referencia das vacacións anuais en cuestión¹⁶.

3. A primeira idea que se presenta á lectura desta resolución é a intanxibilidade que a xurisprudencia comunitaria atribúe ao dereito ás vacacións dos traballadores. Isto é rechamante se temos en conta o recoñecemento tardío que no noso ámbito laboral tivo ese dereito en relación con outras institucións relativas ao descanso (diario, dominical, festivos) e a estricta xurisprudencia mantida até hai apenas tres anos.

¹⁴ Ídem, apartado 22.

¹⁵ Apartado 22.

¹⁶ Véxanse as sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 22 de novembro de 2011, asunto KHS, C-214/10; e do 10 de setembro de 2009, asunto Vicente Pereda, C-277/08, apartado 23.

No artigo 38 do Estatuto dos traballadores preceptúase que todos os traballadores teñen dereito cada ano a un período de vacacións retribuídas de 30 días naturais como mínimo; ao tempo, a doutrina e a xurisprudencia advirten de que a finalidade do dereito ás vacacións é procurar un período retribuído de descanso e tempo libre que permita aos traballadores recuperar o desgaste fisiolóxico e psicolóxico do traballo prolongado¹⁷, así como un tempo de espaxamento ou de desconexión do traballo¹⁸. Así, as vacacións anuais poden conceptuarse, seguindo a Alonso Olea e Casas Baamonde¹⁹, como o goce ou aproveitamento dun período continuado de varios días de descanso ao ano.

En definitiva, as vacacións concíbense como aquel período de descanso ininterrompido e retribuído cuxa finalidade é que os traballadores poidan gozar dun tempo de lecer e recuperar as enerxías perdidas durante a xornada anual de traballo; isto aparentemente está na liña do expresado polo TXUE xa desde antigo. Con todo, durante moito tempo mantívose que, fixadas as vacacións, se o/a traballador/a non pode inicialas por atoparse nunha situación de incapacidade temporal ou mesmo maternidade, a perda daquelas é un risco seu e non da empresa, salvo de se dispor outra cousa no convenio colectivo correspondente²⁰.

Esta doutrina restritiva comezou a cambiar debido á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 18 de marzo de 2004, C-342/01, no ano 2009²¹, cando por vez primeira se recoñece que a incapacidade temporal non neutraliza o dereito dos traballadores a gozaren das vacacións posteriormente, mesmo aínda que exceda do ano natural. En definitiva, a situación de baixa por enfermidade, que xorde con anterioridade e que impide gozar das vacacións na data sinalada, non pode nin debe

¹⁷ Véxase DE CASTRO MEJUTO, L. F. (2009) *La acción constitutiva*. A Coruña, Netbiblo, p. 15.

¹⁸ De «desalienación» fala a Sentenza do Tribunal Supremo do 30 de maio de 1996 (*Repertorio de xurisprudencia de Aranzadi* 1996/3627).

¹⁹ Véxase ALONSO OLEA, M. e CASAS BAAMONDE, M. E. (1996) *Derecho del trabajo*. Madrid, Civitas, p. 293.

²⁰ Véxanse as sentenzas do Tribunal Supremo do 30 de novembro de 1995, recurso de casación 1511/94; 27 de xuño de 1996 (*Repertorio de xurisprudencia de Aranzadi* 1996/5389); e 11 de xullo de 2006, recurso de casación ordinaria 87/05.

²¹ A pioneira foi a Sentenza do Tribunal Supremo do 24 de xuño de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 1542/08, con varios e importantes votos particulares.

erixirse en impedimento que neutralice o dereito ao goce das devanditas vacacións anuais que os traballadores posúen pola prestación de servizos na empresa²². No entanto, segue a insistirse –e é o que agora coa cuestión prexudicial parece que o Tribunal Supremo vai cambiar– en que o tratamento que merece a incapacidade temporal que xorde durante o goce das vacacións ten que ser distinto ao indicado antes, pois é un risco que en tal situación deben asumir os propios traballadores²³.

Agora, o feito xa da formulación da cuestión polo Tribunal Supremo –xunto coa súa coherente resolución polo TXUE–, significará que esta liña doutrinal restritiva quedará abrogada e que se comezará a respectar a integridade do dereito ás vacacións de todos os traballadores que, por desgraza, caeron enfermos, sen que dependa da fortuna de que ocorrese tal circunstancia antes ou despois de iniciado o período vacacional.

²² Á parte da citada na nota anterior, véxanse as sentenzas do Tribunal Supremo do 18 de xaneiro de 2010, recurso de casación para a unificación da doutrina 314/09; 21 de xaneiro de 2010, recurso de casación para a unificación da doutrina 546/09; 4 de febreiro de 2010, recurso de casación para a unificación da doutrina 2288/09; 8 de febreiro de 2010, recurso de casación para a unificación da doutrina 1782/09; 11 de febreiro de 2010, recurso de casación para a unificación da doutrina 1293/09; 19 de abril de 2010, recurso de casación para a unificación da doutrina 2746/09; 6 de xullo de 2010, recurso de casación para a unificación da doutrina 519/10; e 13 de xullo de 2010, recurso de casación para a unificación da doutrina 1259/09, entre as primeiras.

²³ Ídem.